

EDITORIAL UNITARIA DE VIDE

Biblioteca A2. Outubro 2009

HORREOS

CANASTROS

CABACEIROS

CABAZOS

CANIZOS


PIORNOS

CANASTROS DE VIDE



O Hórreo, canastro, cabazo, cabaceiro ou piorno, é unha construción destiñada a conservar, secar e gardar as colleitas: cereais, millo e outros froitos , e protexelas dos ratos.

Os hórreos galegos teñen unha orixe anterior á época castrexa pero a primeira referencia remóntase cos romanos ao século I a..c.—“granaría sublimia”, é dicir: graneiro elevado- . A imaxe gráfica máis antiga é do século XIII e aparece nas Cantigas de Santa María, de Alfonso X O Sabio, pero será no século XVII , coa introducción do millo, cando os hórreos extenderanse por toda Galicia.



Tradicionalmente o hórreo ou canastro podía construírse en calquera sitio público con tal de que non molestara, polo que é frecuente atopar grupos de canastros construídos en determinados lugares ou terras comunales que se consideraban apropiados. Estes conxuntos de canastros chámanse **eirados** ou **airas**.



Melón, Ourense



Zarracos, Ourense


O canastro componse dunha **base** e unha **cámara**.

A **base** está formada pola soleira, que actúa a xeito de cimentación, e os **pés** se son columnas, ou **cepas**, se son muros trasversais. Sobre os pés van os **tornarratos** ou **móas**, circulares ou ou rectangulares.



A **cámara**, onde se almacena o gran, é na meirande parte dos casos de planta rectangular e pode ser de pedra, madeira ou de pedra e madeira, segundo os usos locais.

Cúbrese cun tellado a dúas augas coronado con elementos ornamentais como cruces, pirámides ou reloxios



CANASTROS SINGULARES

Popularmente dícese que o hórreo de Carnota é o máis grande de Galicia, entendendo por grande lonxitude, non capacidade. Se este fora o criterio, no mesmo concello de Carnota está o hórreo de Lira, que ten tamén 32 pés pero mide 25 centímetros máis. Agora ben, en Rianxo atopamos o hórreo de Araño, con celeiro de base, cunha lonxitude de 37 m, 2 metros máis que o de Lira.

Se falamos do horreo de maior capacidade de Galicia teremos que nomear o hórreo do Mosteiro de Poio.



Hórreo de Carnota



Hórreo de Lira



Hórreo de Araño. Rianxo



Hórreo do Mosteiro de Poio

OS CANASTROS DE VIDE

Vide, unha parroquia con menos de 500 habitantes conta con máis de 80 canastros en diferentes estados de uso e de conservación.

Os canastros videnses responden maioritariamente a dous tipos:

- Canastros de madeira e base de pedra con catro pés
- Canastros mixtos de madeira e pedra de seis pés.

Tamén podemos atopar canastros mixtos de catro pés, pero os grandes canastros están ausentes, só dous canastros superan os seis pés: un , no lugar de Panchóns e outro no Casal, ámbolos dous de oito pés e pertencentes ao mesmo propietario, que os comparte con outros herdeiros. Hai un terceiro canastro de oito pés no lugar de Os Eidos, en Mirenciños , pero é froito dunha ampliación en ladrillo e formigón nos anos sesenta.

Son case inexistentes os canastros "rehabilitados" con materiais non tradicionais, o que si podemos atopar son uns poucos de nova construción onde se imitou a forma tradicional pero o material trocouse polo formigón no lugar da pedra, aproveitándose os pés de vellos canastros.

As cámaras orientadas maioritariamente ao Oeste e en menor medida ao Sur, adoitan ter portas nas cabeceiras. No caso de ser un canastro de varios herdeiros aparecen entón as portas laterais.

Son canastros con pouca ornamentación na pedra, normalmente lisa, que concentra os elementos decorativos no pinche—un círculo grabado na pedra— e adornando o tellado: cruces, monxes, reloxios de sol...



Nos canastro máis antigos podemos atopamos nalgúns casos columnas decoradas pero o máis frecuente son os esteos lisos.

Nos tellados a vella tella do país é minoritaria, pois foi substituídose paulatinamente por tellas planas.

As moas, ou mos, son tanto cilíndricas como rectangulares, abranguendo estas últimas dous pés.

Non atopamos agrupacións de máis de dous canastros e aínda estas son escasas e pertencen ao mesmo eido.



CANASTROS DE 4 PÉS

1. Canastros de madeira e pés de granito:

1



2



3



4



1. Canastro de Adela no Couto.
2. Canastro de Tereixa. Xestosa.
3. Canastro de Rosa. O Souto.
4. Canastro de Geni. Chan de Vide

2. Canastros mixtos de catro pés



Canastro de Maria do Coto.
O Souto



Canastro de Bruno.
Panchóns



Canastro de Tino.
A Gandra



Canastro da Retana
Xestal

CANASTROS DE SEIS PÉS



Canastro de Tereixa. A Gandra



Canastro do Grilo. Chan de Vide



Canastro de Mateo. Xestal



Canastro de Nita . A Val



Canastro de Tito. Os Eidos



Canastro do Rocha. O Souto

CANASTROS DE SEIS PÉS. Cont.



Canastro de Barreiro. Gandra.



Canastra da Val. Val



Canastro de Antonia. Mirenciños



Canastro de Felipe. Chan de Vide



Canastro de Suso. Carrasqueira



Canastro de Sabela. O Souto.

CANASTROS DE OITO PÉS



C. do Blanquiño /outros. Casal



C. do Blanquiño /outros. Panchóns

CANASTROS CON ALBAÑILERÍA




C.anastro de Generosa. Bermuín.




Canastro de Noemi. Casal



Canastro de Elena. Os Eidos, Mirenciños.





CANASTROS

Editorial Unitariadevide.

Escola Unitaria de Vide. Outubro 2009